

Texto: **ELISA RAMÓN**

Ilustracións: **ROSA OSUNA**

Encadernado en cartón. 22x22 cm.

40 páxinas a toda cor.

Dispoñible en:

-Galego: "Non é fácil pequeno esquío". ISBN 978-84-8464-183-4

-Castelán: "No es fácil pequeña ardilla". ISBN 978-84-8464-202-2

-Euskera: "Ez da erraza, Katagorri". ISBN 978-84-8464-227-5

Prezo: 12 €



NON É FÁCIL, PEQUENO ESQUÍO

O esquío vermello estaba triste. Sentía unha pena moi fonda porque a súa nai morrera, e pensaba que nunca máis sería feliz. Seu pai secáballe as bágoas con tenrura...

Pode parecer que con esta atrevida proposta os pequenos lectores sintan certo desacougo; pero igual que lle sucede ao pequeno esquío, os nenos perciben dun modo natural a experiencia da morte... E buscan respostas. A distancia que aporta a fantasía resulta básica para ofrecerlles visións que os ayuden a entender o fenómeno da morte.

Estamos ante un álbum serio e intelixente, cun tratamento plástico harmónico e sereno. Trátase dunha historia chea de tenrura, que abre as portas dun tema profundo, dando suxerencias abertas e tranquilizadoras sobre a continuidade da vida.

ELISA RAMÓN (Barcelona, 1957)

Malia que comezou a súa formación académica na Facultade de Dereito, a súa traxectoria encamiñouse cara ao teatro, onde traballou como actriz, tramoísta, apuntadora, rexedora, axudante de dirección e adaptadora de textos infantís.

Os primeiros lectores son os principais receptores da súa creación literaria. Además de "Non é fácil, pequeno esquío", editada por KALANDRAKA, tamén publicou obras para outras firmas como Timun Mas, Angulo ou Edelvives.

ROSA OSUNA (Segovia, 1961)

Licenciada en Belas Artes (Madrid), na especialidade de Deseño. Dende entón traballa no deseño e na ilustración publicitaria, que compaxina con diferentes proxectos, como escenografías para teatro e animación con plastilina. Dende 1996 adícase tamén á ilustración de libros de texto e álbums infantís.

"Avós", editado por KALANDRAKA en galego, castelán, catalán e euskera, e traducido a brasileiro, chinés, xaponés e coreano, foi o seu primeiro álbum ilustrado para nenos.



Esta obra recibiu en 2003 o Premio Llibreter que outorgan os libeiros de Cataluña e foi incluído na Selección "Los Mejores" do Banco do Libro de Venezuela. Os seus últimos traballos ilustrados para KALANDRAKA titúlanse "O oso fabuloso" (libro-disco) e "Un agasallo diferente".

Como ela mesma afirma: "...Cando sexa maior quero pintar coma os nenos, entender o espazo coma eles e chegar a condensar o mundo nun debuxo coa sinxeleza coa que eles o fan. Por iso, e para non facer do meu traballo un oficio automático, sendo destra, debuxo coa man esquerda, que é máis torpe, pero ten mellor corazón".

- **Temática:** a morte, o amor
- **Idade:** a partir de 5 anos
- **Aspectos destacables:** da ilustradora de "Avós", "O oso fabuloso" e "Un agasallo diferente", publicados por KALANDRAKA
- **Aplicacións:** respostas a preguntas existenciais, sobre o sentido da vida; o tratamento da dó; ilustracións de tons suaves e cálidas